

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- A adxudicación de prazas realizouse atendendo aos criterios publicados nas bases que figuran no díptico de Campacoles Verán 23.
- Para a consulta na listaxe de admisión, deberase ter en conta: o centro sede do campacole, as dúas primeiras letras do 1º apelido, as primeiras letras do segundo apelido e do nome e os 4 últimos díxitos e letra do DNI/NIF/PASAPORTE do responsable do/a escolar.
- Deberase comprobar o importe das quendas e dos servizos admitidos (ADM.)

PRAZO DE INSCRICIÓN E PAGAMENTO DA COTA

- Ata o venres 9 de xuño ás 23:59 h.
- Para formalizar a inscrición deberase facer o ingreso da cota correspondente na conta da Federación de ANPAS: ES37 2100 6359 5802 0006 1816 e enviar o xustificante ao correo electrónico campacoles@fedapascoruna.org especificando:
 - Sede de Campacoles
 - Nome e apelidos do/a escolar
 - Quenda/s e servizo/s (madrugadores con ou sen almorzo e comedor) nos que inscribe ao escolar.

IMPORTANTE

- De non realizarse o pagamento e o envío do comprobante no prazo indicado, a praza quedará vacante, sendo ocupada polos solicitantes da listaxe da agarda.
- **O beneficiario de beca comedor** comunicará igualmente a aceptación da quenda/s do campacole por correo electrónico a campacoles@fedapascoruna.org ata o venres 9 de xuño ás 23: 59h. No caso de aceptación dos servizos (madrugadores e comedor) deberán aboar a cota correspondente na conta da Federación de ANPAS ES37 2100 6359 5802 0006 1816 e enviar o xustificante da transferencia a campacoles@fedapascoruna.org. De non facelo no prazo indicado entenderase que renuncia á praza obtida.

DEVOLUCIÓN

- Unha vez formalizada a inscrición non se devolverá as cotas de campacoles nin dos servizos (madrugadores con e sen almorzo e comedor) agás causa de forza maior e debidamente xustificada (enfermidade).
- Se unha vez rematado o prazo de inscrición e listaxe de agarda, non se acadase o mínimo de 15 inscritos para o campamento e 10 para os servizos de madrugadores e comedor, procederase á baixa do servizo e a devolución das cotas correspondentes.

MÁIS INFORMACIÓN: 649 055 939 / 698 158 503 / 981 202 002

HORARIO: 9:30 a 14:00 h. e 16:00 a 18:30h.

campacoles@fedapascoruna.org

